

TEMA

A REPRODUCCIÓN HUMANA

1.- CÓMO É A REPRODUCCIÓN HUMANA

A función de Reprodución é o consunto de procesos que lles permiten aos humanos ter descendentes.

É sexual, interveñen persoas de distinto sexo. O aparato reprodutor masculino produce as células reprodutoras masculinas(espermatozoides) e o feminino , as femininas(óvulos)

O APARATO REPRODUTOR MASCULINO

Xa nacemos con él pero permanece inactivo ata a puberdade (11-17 anos); etapa na que se inician os cambios no corpo preparándose para a reprodución. Comenzan a aparecer os caracteres sexuais secundarios que nos diferencian e facémonos maduros adquirindo experiencia e seguridade.

Está formado por 4 órganos:

* OS TESTÍCULOS: teñen forma ovalada e están dentro dunhas bolsas de pel chamada escroto.
Producen os espermatozoides

- * O PENE : órgano cilíndrico cuberto de pel. No interior está a uretra por onde sae a orina e tamén os espermatozoides. O Pene serve para introducir os espermatozoides no aparato reprodutor feminino.
- * GLÁNDULAS ANEXAS : son a Próstata e as Vesículas seminais. Producen o seme, líquido que protexe aos espermatozoides.
- * CONDUTOS DEFERENTES: conectan os testículos coas glándulas anexas.

APARATO REPRODUTOR FEMININO

Pasa o mesmo que co masculino. Está formado por:

- * OS OVARIOS: ten o tamaño dunha noz. Producen os óvulos
- * AS TROMPAS DE FALOPIO: Conectan os ovarios co útero. Por elas desplazanse os óvulos
- * O ÚTERO: Ten paredes grosas e musculosas cunha cavidade no interior. A parte inferior comunica coa vaxina. No útero desenrólase o feto durante o embarazo. A cavidade vaise dilatando segundo o feto medra.

A VAXINA: comunica o útero co exterior. Dilátase no momento do parto.

A VULVA: É a parte exterior. Ten uns labios de pel que a protexen. Ahí tamén se atopa a uretra pero é independente do aparato reprodutor.

2.- A PUBERDADE

MASCULINA: A partires dos 11 anos. O corpo comenza a producir espermatozoides e seme. Aparecen os caracteres secundarios: voz máis grave, peluxe no pube, axilas, cara... aumenta a musculatura.

FEMININA: A partires dos 11 anos. O corpo produce óvulos. Caracteres secundarios: peluxe no pube, axilas, aumento das mamas, ensanchamento das cadeiras e cambio de voz.

3.- O CICLO MENSTRUAL

É un proceso que se da nas rapazas cando se activa o aparato reprodutor na puberdade e dura ata os 50 anos. Consiste en liberar óvulos cada 28 días aproximadamente.

O óvulo viaxa polas trompas de Falopio. O Útero prepárase para recoller un posible embrión, no caso de que o óvulo sexa fecundado.

Se non é fecundado o óvulo rómpese producindo un leve sangrado que dura entre 3-6 días. É a coñecida regra ou menstruación.

4.- PROCESO DA REPRODUCCIÓN HUMANA

Hai tres etapas:

* **FECUNDACIÓN:** É a unión dun óvulo e un espermatozoide. Formando unha célula nova chamada cigoto. Sucede na Tompa de Falopio

* **DESENVOLVEMENTO DO EMBRIÓN:** Vai dende a fecundación ata o parto ou nacemento .

_ No Primeiro Trimestre o cigoto divídese en varias células formando un embrión que se adhire ás paredes do úero. Ao seu arredor fórmase unha bolsa de líquido amniótico e créase un novo órgano chamado Placenta que se une ao embrión por o cordón umbilical. A través deste recibe os alimentos e osíxeno da nai.

- No Segundo Trimestre pasa a ser Feto e desenvolve os órganos e xa se move.

- No **Terceiro Trimestre** segue medrando. Aos 7 meses xa podería vivir fóra da nai. Cara o noveno mes ponse en posición de nacer.

* O PARTO: As paredes da vaxina e útero dilátanse, rompe o saco amniótico e o bebé e a plecenta saen ao exterior. Córtase o cordón umbilical, quedando unha cicatriz(embigo). O bebé alimentárase do leite materno que é o mellor alimento durante os primeiros meses.

PREGUNTAS

- 1.- Cómo é a reprodución humana?
- 2.- Cómo se chaman as células reprodutoras masculinas e femininas?
- 3.- Partes do aparato reprodutor masculino
- 4.- Partes do aparato reprodutor feminino
- 5.- Qué son as Trompas de Falopio?
- 6.- Cales son e para qué serven as glándulas anexas
- 7.- Cambios na puberdade masculina
- 8.- Cambios na puberdade feminina
- 9.- Qué é a menstruación ou regra?
- 10.- Partes do proceso de Reprodución
- 11.- Qué é a Placenta?
- 12.- Nomes do novo ser ao longo do proceso reprodutor